



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

“Memoria das actividades realizadas no ano 2013”

**ALCER Ourense: Sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44, nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7 , 32.005 (OURENSE)
tlf: 988 22.96.15/ 663780330 - alcerourense@hotmail.com**



[Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

1. ÍNDICE

1. AL CER OURENSE: PRESENTACIÓN

2. ACTIVIDADES

3. ATENCIÓN SOCIAL

4. DESGLOSE DALGUNHAS ACTIVIDADES

**1. DIA MUNDIAL DO RIL
(14 de marzo)**

**2. PASEO POLA SAÚDE
(8 e 9 de Maio)**

3. CAMPAÑA "ESCUCHA A TUS RIÑONES" (9 maio)

**4. DIA NACIONAL DO DOADOR 2013
"Súbete ó podio, faite doante".**

5. STAND RECINTO FERIA DE EXPOURENSE

**6. CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
NOS COLEXIOS**

7. PROXECTO SALVAVIDAS

8. PROXECTO CRECE

9. CEA DO MAGOSTO

5. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

ANEXO 1: NOTICIAS DE PRENSA

ANEXO 2: COLABORADORES

ANEXO 3: ECONOMÍA CONTAS DE PÉRDIDAS E GANANCIAS DO 2013



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

1. ALCER OURENSE

Nome: ALCER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

CIF: G-32.011.041

Dirección :

A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7
32.005 (OURENSE) Tlf: 988 229 615 /663 780 330
alcerourense@hotmail.com

Data de Constitución: 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

Nº Rexistro de Entidades Voluntarias: O-44

Nº Rexistro Provincial: 277

Responsable: M^a Teresa Pereira González (Presidenta da Asociación)

Compoñentes do Órgano de Goberno:

<u>Presidenta:</u>	M ^a Teresa Pereira González
<u>Vicepresidente:</u>	Carlos Caamaño del Castillo
<u>Secretario:</u>	José Luis Cambeses Represas
<u>Tesorero:</u>	Eloy Gómez Iglesias
<u>Primeiro vocal:</u>	Antonio Vázquez Prada
<u>Segundo Vocal:</u>	Leopoldina Losada Rey
<u>Tercero Vocal:</u>	Pilar Suárez Aller
<u>Cuarto Vocal:</u>	Luz Rodríguez Pombo
<u>Quinto Vocal:</u>	Manuel Vázquez Fernández
<u>Sexto Vocal:</u>	Ángela Rodríguez Sánchez
<u>Séptimo Vocal:</u>	M ^a Luz Grande Blanco

Número de socios: (89 numerarios e 49 colaboradores)

TOTAL: 158



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

ALCER- Ourense é unha Asociación de carácter social e sen ánimo de lucro que ten como **finalidade xeral**, contribuír a atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando previr as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **enfermos renais crónicos en tratamento de diálise, transplantados do ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 158 membros, dos cales 89 son socios numerarios (enfermos de ril) e 49 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas ó longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- **Sensibilizar** ó conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e ás súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2013, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar este labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso grao de area.

Por que só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense (socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourenzá en xeral.

Unha vez máis a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servicio.

A todos/as gracias

M^a Teresa Pereira González
Presidenta de Alcer Ourense



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

2. ACTIVIDADES

XANEIRO

1. O día 2 , a Traballadora Social ponse en contacto telefónico cá Educadora do Concello de Maside para solicitar información adicional sobre un novo paciente de hemodiálise, do que temos constancia que xa estivera en contacto no pasado cos Servicios Sociais de dita localidade.
2. O día 3, recíbese un correo da ONT informándonos da aprobación no Consello de Ministros e a publicación no BOE do “Real Decreto 1723/2012 por el que se regulan las actividades de obtención, utilización clínica y coordinación territorial de los órganos humanos destinados al trasplante y se establecen requisitos de calidad y seguridad”
- Pola tarde recibimos na nosa oficina ó Alcalde de Ourense , Agustín Fernández, e a Concelleira de Benestar, Marga Martín, que acudiron ó centro de Aixiña por mor da presentación da nova Xunta Directiva de Discafis-Cogami.
3. O día 4, as Traballadoras Sociais realizan xestións de cara a xustificación da subvención da deputación.
4. O día 7, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.
5. O día 8, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.
6. O día 9, as Traballadoras Sociais realizan xestións para xustificar á subvención da Deputación Provincial, realizando unha relación de facturas e cubrindo os certificados correspondentes. Enviamos esta documentación por correo electrónico á Técnica de Asuntos Sociais da Deputación (Leticia González) para que nos confirme se a documentación está correcta. Respondenos que si, que está todo correcto, aínda que sería recomendable que pasásemos por Asuntos Sociais para revisalo antes de entregar ó Rexistro.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recibimos un correo electrónico de Ana Belén Martín da Federación Nacional Alcer solicitándonos que lles enviemos un formulario cós datos da nosa entidade para actualizar a memoria do 2012. Axúntanos un arquivo para que o cumprimentemos, e o enviemos antes do 18 de xaneiro de 2013.

- Así mesmo, tamén nos envía a Federación Nacional unha oferta para o futuro envío da Revista Alcer deste trimestre.

7. O día 10, as Traballadoras Sociais repasan á memoria para entregar á Deputación e finalmente rematan a xustificación para entregala. Imprímese a Memoria 2012 e lévana a encadernar a Impresión.

- Recibimos unha chamada da Consellería de Traballo (Ana Belén Doval López), na que se nos informa de un erro no número de expediente na documentación enviada para a xustificación do Coopera (folla de “Declaración Negativa de Axudas”) e se nos require o envío dunha nova folla cá subsanación do erro. Realizamos a nova folla e enviamos escaneada por correo electrónico, quedando pendente ó envío do orixinal por correo certificado.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional informándonos da posibilidade de envío de material educativo para a nosa Asociación (Folletos informativos da IRC, alimentación e bebida, Trípticos sobre doazón inter-vivos medicación inmunosupresora...).

8. O día 11 , as Traballadoras Sociais levan a documentación e a Memoria 2012 a Deputación para xustificar a subvención recibida. Primeiro acoden ó Departamento de Asuntos Sociais, onde repasan dita documentación e comprobán que todo está correcto. Posteriormente entrégase todo no Rexistro Xeral.

- As Traballadoras Sociais envían por correo certificado a folla de “Declaración Negativa de Axudas” para a Consellería de Traballo.

9. O día 14 , as Traballadoras Sociais realizan Historias Sociais de novos pacientes de Diálise Peritoneal.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recibimos na oficina á visita dun novo paciente de Diálise Peritoneal. Informámoslle das vantaxes da obtención do Certificado de Discapacidade e do proceso que se leva a cabo para obtelo. Xestionámoslle a documentación necesaria para que poda solicitalo. Tamén lle informamos sobre a labor da nosa Asociación e decide facerse socio.

- Recibimos unha chamada da Consellería de Traballo na que se nos volve a reclamar o envío de dous documentos da xustificación do Cooper, que tiñan un erro no número de expediente. Realizamos de novo os documentos e a Traballadora Social os envía de novo por correo certificado.

10. O día 15, as Traballadoras Sociais realizan unha chamada á Residencia de Maiores de Luintra para informarse sobre unha paciente de Hemodiálise que se encontra alí ingresada e que non ofrece moita información debido a un deterioro cognitivo.

- Realízase unha chamada a Dani (Secretario de Nefroloxía) para informarnos da posibilidade de facer un traslado en ambulancia dunha paciente de Hemodiálise dende Ourense ata o Hospital de A Coruña, para acudir a unha consulta médica. Chamamos a dita paciente e informámoslle de todo o proceso que hai que seguir para facer dita solicitude.

- Recibimos un correo da Federación Nacional Alcer informándonos da convocatoria das Becas Fresenius y Novartis 2013 para a realización de Proxectos Sociosanitarios con pacientes en diálise e transplantados.

11. O día 16, as Traballadoras Sociais cubren un formulario correspondente á Memoria 2012 de Entidades Alcer para ser enviada posteriormente á Federación Nacional Alcer.

- Recibimos un correo da Federación Nacional no que se nos informa do Calendario de Actividades previstas para este ano 2013.

12. O día 17, as Traballadoras Sociais continúan traballando no Proxecto Crece, pondo ó día a documentación.

- As Traballadoras Sociais realizan unha memoria da entidade do 2012 para ser posteriormente enviada a COGAMI.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

13. O día 18, as Traballadoras Sociais realizan xestións relativas ó Proxecto Crece.

14. O día 21, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- As Traballadoras Sociais reciben no despacho a unha socia que é muller dun paciente de Hemodiálise. Solicítanos información sobre a tramitación da dependencia para o seu marido, ofrecémoslle toda a documentación a aportar e informámoslle da ditos trámites.

15. O día 22, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

16. O día 23, recibimos un correo electrónico da Federación Nacional de Alcer, na que se nos solicita axuda para recoller firmas para crear a especialidade de nefroloxía pediátrica en enfermería. Axúntanos unha folla de firmas para levar o servizo de diálise e o que o desexe poda firmala.

- Recibimos unha circular de Discafis-Cogami na que se nos informa sobre a convocatoria das subvencións da Fundación Once e da Obra Social La Caixa.

17. O día 24, as Traballadoras Sociais realizan Historias Sociais de novos pacientes de Hemodiálise e diálise peritoneal.

- As Traballadoras Sociais repasaron a xustificación do Convenio do Concello e modificaron ás facturas non computables.

18. O día 25, as Traballadoras Sociais realizan Historias Sociais de novos pacientes de Hemodiálise e diálise peritoneal.

- Recibimos un correo da Federación Nacional Alcer no que se nos informa que a partir do próximo 6 de febreiro de 2013, estará a nosa disposición a cuarta edición do libro “la alimentación en la enfermedad renal crónica”.

19. O día 28, ábrese a Convocatoria da Subvención da Obra Social La Caixa e as Traballadoras Sociais realizan a inscrición online para poder solicitar dita subvención.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recibimos na oficina ós familiares dun paciente que estivera atendido pola psicóloga hai uns anos. Fano socio para poder facer a derivación correspondente ó servizo de psicoloxía que nos oferta AODEM.

20. O día 29, as Traballadoras Sociais realizan de novo a xustificación do Convenio do Concello.

- Reciben na oficina a un matrimonio que desexa obter información para facerse doantes. Se lles informa do proceso e tramításelles as tarxetas de doantes. Tamén se lle facilita a documentación para poder doar o seu corpo á ciencia.

21. O día 30, as Traballadoras Sociais rematan a xustificación do Convenio do Concello e comezan a escribir un artigo sobre a Asociación Alcer Ourense para a Revista do Colexio Médico “Auriensis”.

22. O día 31, as Traballadoras Sociais comezan a solicitude da Subvención da Obra Social La Caixa. Continúan realizando o artigo para a Revista Auriensis.

- Recibimos un correo electrónico de COGAMI, no que se nos pide que informemos se xa nos ingresaron a cuantía da Subvención do Coopera, para poder paralizar os trámites de préstamo. Respondémoslle que se nos ingresou onte.

- Recibimos un correo da Federación Nacional Alcer, no que nos presentan unha nova iniciativa: “Muévete con Alcer”, para animar ós pacientes a realizar exercicio físico.

- Realízanse chamadas ós membros da Xunta Directiva de Alcer para organizar a presenza no stand de Expourense da Asociación, dentro da Fería “20 Mostra da oportunidade” os días 1,2 e 3 de Febreiro.

Tamén se lles informa da próxima convocatoria de Asamblea Ordinaria da Asociación, prevista para o día 1 de Marzo.

FEBREIRO

1. O día 1, as Traballadoras Sociais realizan xestións relacionadas co Proxecto Crece.

- A Traballadora Social acode ó Concello para revisar a documentación da Xustificación do Convenio 2012.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

2. O día 4, a Traballadora Social Coordinadora do Proxecto Crece acode a unha reunión xunto con Tere (Enfermeira de Nefro) co Delegado da Xunta (Rogelio Martínez) para falar en relación a dito Proxecto.

- Mandánnos á oficina uns folletos de Promoción da Doazón Intervivos, promovido pola Federación Nacional Alcer.
- A Traballadora Social acude ó Concello para que se revise a documentación da xustificación do Convenio antes de ser entregada no rexistro.
- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

3. O día 5, as Traballadoras Sociais realizan xestións para a realización da convocatoria da Obra Social La Caixa.

- A Traballadora Social rexistra no Concello a documentación relativa á xustificación do Convenio.
- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

4. O día 6, A Traballadora Social e coordinadora do Proxecto Crece reúnese co Dr. Otero para comentarlle a planificación que se está a levar do proxecto.

- As Traballadoras Sociais realizan unha chamada telefónica a Juan Carlos Julián da Federación Nacional Alcer, para explicarlle cómo se están planificando as actividades do Proxecto Crece.
- A Traballadora Social e coordinadora do Proxecto Crece realiza unha chamada a **secretaria do Presidente da Deputación Provincial para solicitar unha cita**, exporlle o Proxecto Crece e tentar conseguir a súa colaboración.
- A Traballadora Social e coordinadora do Proxecto Crece **ponse en contacto telefónico cá secretaria do Subdelegado de Goberno para solicitar unha cita**, exporlle o Proxecto Crece e tentar conseguir a súa colaboración. Envíase o Dossier do proxecto por correo electrónico. Confírmase cita na Subdelegación de Goberno para o venres día 8 de Febreiro ás 10 da mañá.
- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

5. O día 7, as Traballadoras Sociais continúan cubrindo o formulario da subvención da Obra Social La Caixa

- A Traballadora Social e coordinadora do Proxecto Crece realiza unha chamada á secretaria da Deputación por 2º vez para concretar a cita para facer a exposición do Dossier ó Presidente da Deputación Provincial. A secretaria tardará unha semana ou dúas en contactar con nós e concertar unha cita.

6. O día 8, A Traballadora Social e coordinadora do Proxecto Crece reúne co Subdelegado de Goberno para exporlle o Proxecto Crece e tentar conseguir a súa colaboración.

- As Traballadoras Sociais completan a convocatoria da subvención da Obra Social La Caixa.

7. O día 13, as Traballadoras Sociais rematan o formulario correspondente da candidatura de proxectos de “Promoción de la autonomía y la atención a la discapacidad y a la dependencia 2013” da Obra Social “La Caixa” e envíanno a través da aplicación web.

- Recibimos na oficina un pedido de libros sobre “ La Alimentación en la enfermedad Renal Crónica”, enviados pola Federación Nacional ALCER.

- Recibimos un correo electrónico da Oficina de Coordinación de Transplantes para informarnos da posta en común dos datos sobre doazón e transplantes do ano 2012, o día 25 en Santiago de Compostela.

8. O día 14, as Traballadoras Sociais cobren unha instancia para solicitar permiso o Concello para instalar unha carpa na Rúa do Paseo o vindeiro 14 de Marzo, con motivo da celebración do Día Mundial do Ril.

- Realízase unha chamada á empresa Toldos Ourense para solicitar o presuposto da carpa que se instalará o Día Mundial do Ril. Envíanmos un presuposto por correo electrónico.

- As Traballadoras Sociais realizan unha memoria cronolóxica do Proxecto Crece.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- A Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece realiza unha chamada á Universidade Laboral para concertar unha cita co seu director, Don Bernardino Pérez.. Concretase cita para o día 18 ás 10:30h.

- Realízase unha chamada á empresa de autocares Anpián para comentarlles a realización de varias excursións programadas dentro do Proxecto Crece, e que contaríamos con eles para a súa realización.

- Recibimos na oficina un pedido de varios folletos e trípticos sobre a doazón de órganos intervivos, insuficiencia renal, os riles e os ósos, factores de risco cardiovascular, comer e beber na enfermidade Renal Crónica e medicación para persoas transplantadas, todo enviado pola Federación Nacional ALCER.

9. O día 15, as Traballadoras Sociais anexan documentación complementaria para a convocatoria da Subvención da Obra Social La Caixa, mandándose a través da aplicación web de dita convocatoria.

- A Traballadora Social acude ó Concello para rexistrar a instancia na que se solicita permiso para a instalación da carpa para o Día Mundial do Ril. Tamén entrega dúas invitacións a dita carpa do Día Mundial do Ril para o Alcalde de Ourense e a Concelleira de Benestar.

- A Traballadora Social acude á Concellería de Benestar para entregar documentación restante para o Convenio.

10. O día 18, a Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acode á cita con Don Bernardino, Director da Universidade Laboral, para explicarlle a programación de dito proxecto.

- A Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acode á cita con Transportes Anpián para pedirllas colaboración nas excursións do proxecto. Envíannos pola tarde un orzamento según os desprazamentos e excursións programadas.

- A Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acode a Estación de Ferrocarril para solicitar un orzamento dos traxectos Ourense- Santiago e Santiago-Ourense para a excursión a Santiago de Compostela dentro de dito proxecto.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- A Traballadora Social acode a Xestoría para recoller o certificado da Seguridade Social e o resgardo da axencia Tributaria.

- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

11. O día 19, a Traballadora Social anexa tódolos documentos restantes menos o Certificado de Cuotas da Axencia Tributaria (pendente de expedición) para a solicitude dá axudas da Obra Social La Caixa.

- A Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acode a cita co Presidente da Deputación Provincial para expoñerlle o Proxecto Crece e solicitar a súa colaboración.

- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

12. O día 20, a Traballadora Social anexa o Certificado da Axencia Tributaria á aplicación web da convocatoria da Obra Social La Caixa. Anexa tamén as memoria correspondentes ó ano anterior.

- A Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece realiza unha solicitude formal a Deputación dunha subvención para dito Proxecto.

13. O día 21, a Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acode a unha reunión cós pediatras do CHUO para coordinarse de cara ó proxecto.

14. O día 22, a Traballadora Social realiza historias sociais de novos pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.

15. O día 25, A Traballadora Social e mais o Presidente acoden a reunión da Oficina de Coordinación de Transplantes en Santiago de Compostela, para coñecer os datos oficiais de doazón e transplantes do ano 2012.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional para amosarnos o cartel oficial do Día Mundial do Ril deste ano, co lema “Riñones para vivir. Paremos la Insuficiencia Renal Aguda”



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recibimos un correo electrónico de parte de J. Enrique Fonte da Estación de Ferrocarril anexándonos un orzamento para as viaxes de ida e volta dos nenos do Proxecto Crece na excursión programada a Santiago de Compostela.
- Recibimos un correo electrónico da Cogami no que solicitan información ás entidades membro para enviar a Cocemfe unha **recompilación de datos relativos a débeda viva das administracións territoriais co terceiro sector social da discapacidade.**

16. O día 26, a Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece realiza unha chamada á Estación de Ferrocarril para negociar o prezo da viaxes para á excursión a Santiago dentro do Proxecto Crece.

- Recibimos unha circular de Discafis-Cogami informándonos da publicación no BOP dunha futura convocatoria de axudas a entidades non lucrativas para realización e fomento de proxectos xuvenís.
- A Traballadora Social leva ó Concello (Comercio) o certificado da póliza de seguros para a instalación da carpa na rúa do Paseo con motivo do Día Mundial do Ril.

17. O día 27, a Traballadora Social realiza historias sociais de novos pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional ALCER presentándonos a Campaña IMAGEN, campaña informativa das semellanzas e diferenza entre os medicamentos innovadores ou de marca e os seus correspondentes xenéricos.
- Recibimos un correo electrónico de Expourense informándonos da próxima edición de XANTAR, dende o 6 ata o 10 de Marzo.
- Recibimos un correo do Concello de Ourense informándonos da celebración dunha reunión de asociacións de saúde para debater en torno a conmemoración do Día Mundial da Saúde 2013 (Paseo pola Saúde) o vindeiro xoves 7 de Marzo.

18. O día 28, a Traballadora Social realiza xestións coa Consellería de Traballo polo arranxo duns erros na tramitación dunha indemnización.

- Recibimos un paquete cos carteis do Día Mundial do Ril.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recibimos unha circular de Discafis-Cogami informándonos de varias convocatorias de axudas para proxectos sociais.
- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional Alcer coa nota de prensa para o Día Mundial do Ril.

MARZO

1. O día 1, as Traballadoras Sociais preparan unha memoria para presentar na Asamblea da asociación que se celebra pola tarde.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional Alcer informándonos de que un usuario desta provincia realizou unha chamada telefónica para solicitar a tarxeta de doador, polo que a Traballadora Social ponse en contacto con él e cúbrelle o cuestionario para enviar a Oficina de Coordinación de Transplantes en Santiago de Compostela e que lle enviasen a tarxeta canto antes.

2. O día 4, recibimos un correo electrónico da Fundación Universia informándonos da presentación da segunda edición da Convocatoria de Axudas a Proxectos Inclusivos.

- Recibimos unha Circular de Discafis-Cogami informándonos que a Fundación Mapfre vai a realizar a Convocatoria de Ayudas a Proyectos de Formación para el Empleo de Personas con Discapacidad 2013.
- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

3. O día 5, recibimos un correo electrónico da Federación Nacional Alcer informándonos da presentación ós medios de comunicación da campaña “Escucha a tus riñones” Esta campaña utiliza a música para chamar a atención sobre unha enfermidade silenciosa como é a Enfermidade Renal Crónica.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional informándonos que mañá remata o prazo para presentar a nota de prensa con motivo do Día Mundial do Ril.
- A Traballadora Social elabora a nota de prensa e a envía a Federación Nacional Alcer.
- Recibimos un correo electrónico de Enrique Fonte (orzamento AVANT) para comunicarnos que xa recibiu o Dossier do Proxecto Crece.
- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

4. O día 6, as Traballadoras Sociais elaboran un documento cós datos da OCT para presentar o Día Mundial do Ril.

- Recibimos un correo electrónico de Discafis-Cogami informándonos da celebración da próxima Asamblea Ordinaria o 20 de Marzo.

5. O día 7, as Traballadoras Sociais envían un correo electrónico a María del Carmen Acuña (Macu), Diputada Socialista no Parlamento de Galicia, solicitando colaboración para realizar a visita cós nenos do Proxecto Crece a Santiago e poder acceder ó Parlamento con eles.

- A Traballadora Social envía un correo electrónico a María Reyes Pérez, profesora da Escola de Enfermería e Subdirectora para solicitar colaboración para o Día Mundial do Ril. Necesitamos enfermeiras voluntarias para realizar as probas sanitarias que se levarán a cabo na carpa informativa. Asimesmo, ofrecéselle a posibilidade de colaborar no Proxecto Crece e envíaselle un Dossier do mesmo.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional ALCER informándonos dun novo servizo: “Grupos vacacionales para enfermos renales”, adxuntando un arquivo cá oferta de aloxamento, viaxe e centro de diálise, para enfermos renais e os seus familiares.

6. O día 8, a Traballadora Social realiza historias sociais de novos pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.

7. O día 11, as Traballadoras Sociais realizan unha chamada telefónica a Dani de Nefro para solicitar información para presentar á prensa o Día Mundial do Ril.

- Realizamos unhas chamadas telefónicas ás enfermeiras que acudirán voluntarias á carpa do Día Mundial do Ril, para informarlles do horario da mesma.

- Realízanse unhas chamadas a Augas Sousas para solicitar a doazón de varias caixas de botellines de auga para repartir na carpa o Día Mundial do Ril ás persoas que se acheguen á mesma.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Realízase unhas chamadas a Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo para concretar futuras visitas da Traballadora Social ós pacientes que se dializan alí.

8. O día 12, a Traballadora Social acude á Fundación Íñigo Álvarez de Toledo para falar co seu psicólogo e concretar a colaboración que ALCER Ourense vai a desenvolver con dita Fundación.

9. O día 13, as Traballadoras Sociais ultiman os preparativos para o Día Mundial do Ril que se celebrará mañá. Preparan as augas de Sousas, os dípticos, folletos, tensiómetros, fichas e obsequios para as persoas que se acheguen á carpa.

10. O día 14, celébrase o **Día Mundial do Ril** con unha carpa informativa na Rúa do Paseo. Alí acuden as Traballadoras Sociais, membros da xunta directiva de ALCER, voluntarios de ALCER e tres enfermeiras voluntarias para realizar as mediccións de tensión e glucemias das persoas que se acheguen a dita carpa.

- A Traballador Social acude a Telemiño para realizar unha entrevista con motivo dese día.

11. O día 15, as Traballadoras Sociais desglosan os datos obtidos no Día Mundial do Ril sobre as persoas que se achegaron á carpa e se lles realizou a proba de glucemia e mediccións de tensión sanguínea e o peso.

12. O día 18, as Traballadoras Sociais repasan os datos obtidos no Día Mundial do Ril para poder presentarllos á prensa radiofónica.

- Recibimos un correo da Federación Nacional ALCER solicitándonos o envío de algunha foto do Día Mundial do Ril para publicar na próxima revista de ALCER.

Tamén se nos solicita que cubramos un escrito explicando o impacto que tivo este día na prensa.

- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

13. O día 19, a Traballadora Social realiza un repaso á prensa do día 14 para escanear ás noticias relacionadas co Día Mundial do Ril e a carpa informativa que se instalou.

- Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

14. O día 20, a Traballadora Social envía tres fotos realizadas na carpa o Día Mundial do Ril á Federación Nacional ALCER para que saian no próximo número da revista ALCER. Tamén envía un formulario cuberto sobre o impacto que tivo na prensa provincial a celebración dese día, especificando en qué medios saíu a noticia.

- Recibimos un correo electrónico da ONT (Organización Nacional de Transplantes) informándonos da celebración do Simposio “ Desarrollo del Nuevo Decreto de Transplante de órganos” o próximo día 11 de Abril.

- A Traballadora Social envía por correo electrónico o Dossier do Proxecto Crece a un socio de ALCER Ourense que desexa colaborar economicamente.

15. O día 21 a Traballadora Social envía a Juan Carlos Julián (Coordinador da Federación Nacional ALCER) e a Alejandro (Presidente) un correo electrónico cá programación das actividades do Proxecto Crece e as memorias de dito Proxecto.

- Recibimos na oficina a unha socia que ven a pagar a súa cuota de afiliada. Tamén nos informa de que temos mal os seus datos e non lle chega o correo a tempo.

16. O día 22, a Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acude a Madrid xunto cun socio para asistir ás Asamblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria da Federación Nacional ALCER e poder así tamén falar así cos seus responsables sobre o Proxecto Crece.

- Realízase visita ós pacientes de diálise peritoneal por parte da Traballadora Social.

- A Traballadora Social acude ó Concello para entregar a instancia da actividade “Paseo pola Saúde” que se celebrará en maio.

- Recibimos na oficina unha notificación do Concello de Ourense informándonos da presentación de documentación para a inscrición no rexistro de entidades cidadáns.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

17. O día 25 a Traballadora Social reúne a documentación para presentar na Concellería de Participación cidadá do Concello con motivo da inscrición no rexistro de entidades cidadáns.

- Recibimos unha circular de Discafis- Cogami na que se nos informa da convocatoria de presentación de proxectos de acción social da Fundación Pelayo para menores de 18 anos.

18. O día 26, a Traballadora Social sube ó RUEPSS a memoria do ano 2012 e actualiza varios ítems.

- A Traballadora Social reúne a documentación para o Rexistro dos Servizos de ALCER Ourense no RUEPSS de Servizos de Prevención da Dependencia e Promoción da Autonomía Persoal. Dita documentación consta de unha memoria de servizos da Asociación, relación de persoal laboral e distribución horaria dos servizos.

- Recibimos un correo electrónico da Federación Nacional ALCER informándonos de que no mes de maio queren executar outra campaña en Centros Comerciais, para informar ós clientes da nosa zona sobre a prevención da enfermidade renal e dar a coñecer a campaña “Escucha a tus riñones”. A campaña realizarase nun centro comercial da nosa provincia.

- Recibimos un correo electrónico de Discafis-Cogami, no que se nos comunica da realización dun concurso de maquillaxe dotado cun premio de 2000 euros para doar á entidade que se elixa.

19. O día 27, a Traballadora Social leva ó Concello a documentación restante para a inscrición no rexistro de entidades cidadáns. Tamén acude ó edificio administrativo da Xunta para entregar á documentación do rexistro do RUEPSS de servizos de prevención da dependencia e promoción de autonomía persoal.

- Recibimos un correo de Cogami informándonos da convocatoria de axudas a entidades da Fundación Agrupació para a promoción do deporte adaptado ou a incorporación deste colectivo no mundo laboral.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

ABRIL

1. O día 1, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- Recibimos unha circular de Discafis-Cogami na que se nos informa de que en breve ábrese o prazo para presentar proxectos a La Caixa para a Convocatoria de Proxectos de Acción Social e interculturalidade. Dirixido sobre todo a proxectos socieducativos. O prazo de presentación remata o 8 de maio de 2013.

Tamén nos informan de que ábrese o prazo para solicitar a prestación familiar por fillo menor de 3 anos, para fillos nados entre o 2/01/2010 e o 1/01/2013.

- Recibimos un correo da Federación Nacional con motivo do próximo boletín electrónico que estará a finais de mes, para que enviemos un resumen das actividades que realizamos durante el Día Mundial do Ril, así como calquera actividade realizada durante este primeiro trimestre.

2. O día 2, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

3. O día 3, a Traballadora Social ponse en contacto telefónico cá secretaria do Presidente da Deputación para preguntarlle sobre un posible erro na xestión de dita subvención, a cal respóndenos que lle enviemos a solicitude da subvención, a carta de denegación, un escrito solicitando cita para poder aclarar a situación e as actividades programadas para o día da excursión á Ribeira Sacra que prometeu subvencionar. Envíase un correo electrónico de toda a documentación anterior o Presidente da Deputación e a súa secretaria.

4. O día 4, a Traballadora Social ponse en contacto telefónico con Juan Carlos Julian, para comunicarlle a necesidade de que o Presidente da Federación Nacional Alcer fale cá Subdirectora Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial para que ésta fale a súa vez có Delegado da Xunta de Galicia co fin de que subvencionen polo menos o aloxamento dos nenos/as.

5. O día 5 a traballadora Social ponse en contacto telefónico cá Deputada Socialista do Parlamento Galego e Portavoz de Sanidade do PSOE para coñecer como estaba a situación



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

sobre a visita ó Parlamento Galego. Coméntanos que chamaría ó Parlamento para enterarse.

-A Traballadora Social acude ó Rexistro da Xunta de Galicia para entregar a documentación pendente do RUEPSS.

6. O día 8, A Traballadora Social realiza xestións en torno a convocatoria de proxectos de Axudas Sociais da Fundación Pelayo.

- Recíbese unha chamada da Directora do Gabinete do Parlamento Galego para darnos o visto bo á recepción no Parlamento Galego o día 25 de Xuño.

7. O día 9, A Traballadora Social completa a solicitude da convocatoria da Fundación Pelayo e envía a documentación por correo electrónico

- A Traballadora Social envíalle a Juan Carlos (Federación Nacional) o Dossier e as actividades do Proxecto Crece para que llas reenvíe a Subdirectora Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial.

8. O día 10, envíase un correo electrónico a Teresa Castaño (secretaria da Concelleira de Benestar Social de Santiago de Compostela) co Dossier e as actividades programadas do proxecto solicítase o servizo dun guía para a visita dos nenos/as á cidade de Santiago.

9. O día 11, recíbese unha chamada informando de que é imposible comer na cafetería do Parlamento de Galicia.

- A Traballadora Social cumprimenta un formulario para que Cogami xestione as tarxetas dos Coopera deste ano.

10. O día 12, recibimos unha chamada do responsable dos trens AVANT en Ourense para comentarnos que reenviou o correo que se lle mandou ós responsables de Madrid, solicitando unha redución do orzamento inicial do AVANT.

-A Traballadora Social ponse en contacto ca secretaria do Presidente da Deputación co fin de conseguir unha cita para falar con el.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

-A Traballadora Social acude ó Rexistro da Xunta de Galicia para entregar documentación.

11. O día 15, a Traballadora Social visita á responsable de Transportes Anpian para concretar as fechas de las actividades programadas del proyecto incorporando a posibilidade de que a saída a Santiago de Compostela sexa en autobús non no AVANT cá finalidade de reducir orzamento.

- Envíase Dossier e actividades ós responsables das empresas COREN e Aceites Abril.

12. O día 16, Teté envía o novo orzamento máis reducido e con posibilidade de utilizar o autobús para a visita a Santiago como último recurso.

- A Traballadora Social chama por teléfono á Secretaria da Concelleira de Benestar Social en Santiago de Compostela, para confirmar se podemos dispor dun guía para a visita a Santiago.

13. O día 17, a Traballadora Social envía un correo electrónico á empresa **Aguas de Sousas** solicitando a súa colaboración no proxecto. Envíase dossier e as actividades programadas.

-Envíase un correo electrónico o Departamento de Proxectos da Fundación Paideia solicitando colaboración no proxecto. Achégaselles Dossier e actividades do Proxecto Crece.

14. O día 18, As Traballadoras Sociais pónense en contacto telefónico co responsable dos trens AVANT en Ourense. Comenta que xa enviou o orzamento a Madrid e está pendente de que o acepten.

-A traballadora Social ponse en contacto co Director da Universidade Laboral para recoller persoalmente o menú alimenticio diario para os nenos /as do proxecto.

15. O día 19, a Traballadora Social ponse en contacto telefónico ca Xefa do Servicio de Atención ó cidadán.

-A Traballadora Social solicita concertar una cita có Delegado da Xunta de Galicia.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

-A Traballadora Social volve a pórse en contacto cá Secretaria do Presidente da Deputación para concertar cita.

-A Traballadora Social acude ó Rexistro da Xunta para entregar documentación que quedara pendente do Coopera do ano anterior.

16. O día 22, a Traballadora Social envía un escrito á secretaria da Concelleira de Benestar Social de Santiago solicitando un autobús para trasladar ós nenos/as dende a Praza do Obradoiro ó auditorio.

- Recibimos a chamada de Juan Carlos Julián (Federación) para informarnos de que comezan a traballar no proxecto.

- A Traballadora Social realiza unha chamada á secretaria do Presidente da Deputación para solicitar cita.

17. O día 23, a Traballadora Social ponse en contacto telefónico con Juan Carlos (Federación) para concretar datas, actividades e demais asuntos, relacionados có proxecto.

18. O día 24, recibimos un correo electrónico dunha persoa que quere facer unha triatlón solidaria en favor de ALCER, para concienciar á sociedade da doazón de órganos, pois a súa nai está en diálise e á espera dun transplante.

-Recíbese un correo electrónico confirmando o novo orzamento do AVANT para o Proxecto Crece

- A Traballadora Social envía correo electrónico á Xerente do CHUO para solicitar cita có obxectivo de exporlle o programado ata agora.

19. O día 25, a Traballadora Social acude á unha nova cita có Delegado da Xunta. Preséntaselle o orzamento do aloxamento e manutención do Proxecto Crece para a súa financiación..

- As Traballadoras Sociais póñense en contacto con COREN, ANPIAN, CHUO e Delegación da Xunta, para solicitar os logotipos das entidades para que a Federación Nacional ALCER os coloque no cartel do Proxecto Crece.

- Recíbese un correo electrónico de COREN có logo.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recíbese un correo electrónico do Psicólogo da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo có borrador das III Xornadas de Saúde Renal, na que unha Traballadora Social de ALCER Ourense vai a expoñer ó Proxecto Crece.

20. O día 26, as Traballadoras Sociais realizan unha chamada á Fundación Paideia para saber se xa se decidiu se ían a colaborar no Proxecto Crece, pois urxe coñecer qué entidades colaborarán para imprimir os seus logos nos carteis. Contestan que responderán a semana que ven.

- Recíbese un correo electrónico da Delegación da Xunta e de ANPIAN, cós seus logos correspondentes para os carteis do proxecto.

- A Traballadora Social realiza unha chamada á Xerencia do CHUO para solicitar o logo. Pasan có responsable de Publicidade, o cal hai que mandarlle un escrito por correo electrónico para que o mande. Envíase dito escrito e o mandan de inmediato.

- Recíbese un correo electrónico de Expourense, invitando a ALCER á presentación da Memoria 2012.

- Recíbese un correo electrónico de parte de AFAOR invitando a ALCER á unha cea benéfica.

- Recíbense carteis sobre a X Feira da Saúde, que se celebrará na Alameda o 8 e 9 de Maio.

21. O día 29, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- Recíbese un correo electrónico da Fundación Paideia denegando a súa colaboración no Proxecto Crece, debido ó gran número de proxectos que están xa a desenvolver.

22. O día 30, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- Recibimos un correo electrónico dun membro da xunta directiva que coñece a unha traballadora das piscinas de Monterrey , para pormos en contacto có responsable dos grupos.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

MAIO

1. O día 2, recíbese un correo electrónico da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo para informarnos da realización das Xornadas de Saúde Renal e da colaboración da Traballadora Social nunha ponencia.

2. O día 3, a Traballadora Social acode á reunión con Eloína (Xerente do CHUO) e có Director Médico (Dr. Iglesias) para exporlles un resumo do realizado ata agora no Proxecto Crece.

- Recíbese un manifesto polo Día da Hixiene de Mans, que se celebra o vindeiro día 6, para que a asociación se adhira á mesma.

- Envíase un correo electrónico á Asociación Profesional de Guías de Galicia para solicitar un orzamento para a visita a Santiago de Compostela no Proxecto Crece.

3. O día 6, Chámase por teléfono a dous socios de ALCER para informarlles de que unha productora de televisión precisa de persoas que fosen transplantadas de ril da súa nai.

4. O día 7, recíbese unha invitación do Colexio Oficial de Médicos de Ourense para asistir o vindeiro día 9 á Conferencia sobre a Hipertensión que organizan con motivo da Feira da Saúde.

- Recíbese un correo electrónico da Federación Nacional ALCER cá nota de prensa sobre a campaña “Escucha a tus Riñones”.

- Envíase esta nota á prensa e realízanse chamadas de confirmación.

5. O día 8, ALCER Ourense participa na “X Feira da Saúde” organizada pola Concellería de Saúde. Este ano realizaranse tomas de tensión arterial, ademais de ofrecer información sobre IRC e sobre a doazón e transplantes.

6. O día 9, Alcer Ourense participa na “X Feira da Saúde” organizada pola Concellería de Saúde.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- ALCER Ourense tamén participa na Campaña “Escucha a tus Riñones” organizada pola Federación Nacional ALCER e que ten como obxectivo informar á poboación sobre a IRC e os riscos de padecela. Celébrase no Centro Comercial Ponte Vella.

7. O día 10, a Traballadora Social ponse en contacto telefónico có Director de Aceites Abril para concertar unha cita e ensinarlle o Dossier e actividades do Proxecto Crece e concretar algunha colaboración en dito proxecto.

- Recíbese un correo electrónico da Federación Nacional ALCER agradecendo a participación na campaña “Escucha a tus riñones” e solicitando un resumo do impacto da campaña nos medios de comunicación de esta provincia.

8. O día 13, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- Recíbese un correo electrónico da Federación Nacional ALCER solicitando unha fotografía da Campaña “Escucha a tus riñones” para a súa publicación na revista ALCER.

- A Traballadora Social solicita varios orzamentos de camisetas para o Día do Doante a empresas de publicidade e serigrafía.

9. O día 14, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- A Traballadora Social envía por correo electrónico á Federación Nacional ALCER un documento có impacto da Campaña “Escucha a tus Riñones” na prensa da provincia.

- Recíbese un correo do Coordinador do Ecoespazo O Rexo para informarnos de que hai que cubrir unha solicitude para visitar este centro dentro do Proxecto Crece.

10. O día 15, a Traballadora Social realiza unha chamada ó responsable de relacións públicas do Centro Comercial Ponte Vella solicitando o envío das fotos que foron tomadas durante a campaña “Escucha a tus Riñones”. Posteriormente envíanse á Federación Nacional ALCER dúas fotos de dita campaña.

11. O día 16, a Traballadora Social realiza novas Historias Sociais de pacientes en Hemodiálise.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

12. O día 20, a Traballadora Social envía a solicitude para a visita dos nenos/as do Proxecto Crece ó Ecoespazo O Rexo en Allariz.

- Recíbese un correo electrónico da Federación Nacional ALCER co lema deste ano para o Día Nacional do Doador.

- Recíbese unha chamada da concelleira de Benestar Social de Ourense, confirmando a colaboración do Concello no Proxecto Crece. Concretase unha cita coa Traballadora Social para especificar cal vai a ser dita axuda.

13. O día 21, a Traballadora Social confirma un orzamento para ás camisetas do Día Nacional do Doador e solicita os deseños.

- A Traballadora Social solicita varios orzamentos a empresas de autocares para a realización da excursión anual .

14. O día 22, a Traballadora Social confirma xunto ó Coordinador da Federación Nacional ALCER unha rolda de prensa para presentar ó Proxecto Crece na cidade de Ourense.

- A Traballadora Social realiza unha chamada á guía turístico de Santiago para que lle envíe o orzamento dos eus servicios á secretaria da Concelleira de Benestar Social de Santiago, e saber se o Concello vai a financiar os servicios da guía turística.

- Envíanse á Federación Nacional ALCER por correo electrónico os logos das entidades públicas que colaborarán no Proxecto Crece.

- Confírmase o pedido de camisetas para o Día Nacional do Doador.

15. O día 23, a Traballadora Social realiza historias sociais de novos pacientes de hemodiálise e de diálise peritoneal.

16. O día 24, a Traballadora Social solicita ó Centro de Desenvolvemento CaixaNova Galicia unha sala para celebrar a Presentación e a rolda de prensa do Proxecto Crece.

- Envíase un correo electrónico á Xerencia do CHUO para informar e invitar a un representante para a presentación e rolda de prensa do Proxecto Crece.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

17. O día 27, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- A Traballadora Social envía un escrito a Aguas de Sousas solicitando unha colaboración para o Día Nacional do Doador.
- Recíbese un correo electrónico de Discafis-Cogami informando da publicación no DOG da subvención para a contratación de persoas desempregadas (Coopera) e a subvención de Voluntariado Xuvenil.
- Recíbese un correo electrónico procedente da páxina web de ALCER Ourense na que se convida á asociación a participar nas xornadas que organiza esculca (Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades) en colaboración cá Universidade de Vigobaixo o epígrafe “A saúde: un dereito universal?”

18. O día 28, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- A Traballadora Social envía un escrito á Federación Nacional ALCER explicando as actividades que se van a desenvolver no Día Nacional do Doador.
- Envíase ós diferentes medios de comunicación unha nota de prensa informando da celebración da presentación e rolda de prensa sobre o Proxecto Crece.

19. O día 29, a Traballadora Social acude á Deputación Provincial para concretar á axuda para o Proxecto Crece.

- Recibimos confirmación por parte da Xerente do CHUO de que acudirá á presentación e rolda de prensa do Proxecto Crece.
- Envíase un correo á responsable do centro de desenvolvemento Novacaixa Galicia para solicitar uns soportes para colocar carteis e tamén para os carteliños da mesa cós nomes e cargos dos ponentes da rolda de prensa.

20. O día 30, envíase un recordatorio ós medios de comunicación sobre a próxima celebración da rolda de prensa do Proxecto Crece.

- Recíbese unha chamada do Delegado da Xunta para concretar a axuda para o Proxecto Crece.
- Recíbese o permiso para á carpa do Día Nacional do Doador.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

21. O día 31, celébrase a Presentación e a Rolda de Prensa do Proxecto Crece no Centro de Desenvolvemento Novacaixa Galicia na rúa Pontevedra Nº9, ás 12:00h.

En dita presentación interviron:

- O Coordinador Xeral da Federación Nacional ALCER.
- A Xerente de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- O Presidente de ALCER Ourense.
- A Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece.

XUÑO

1. O día 3, a Traballadora Social acude a Telemiño para ser entrevistada sobre o Proxecto Crece.

- A Traballadora Social envía a nota de prensa do Día Nacional do Doador ós medios de comunicación e realiza chamadas telefónicas para comprobar que foi recibida.

2. O día 4, ábrese o prazo para a convocatoria de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2013 da Deputación de Ourense.

- As Traballadoras Sociais preparan a rolda de prensa do Día Nacional do Doador.

3. O día 5, celébrase o Día Nacional do Doador. Instálase unha carpa informativa na Rúa do Paseo onde se ofrece unha rolda de prensa. En dita rolda de prensa intervéñen o Coordinador Provincial de Transplantes, o Presidente de ALCER Ourense e a Traballadora Social. A carpa foi inaugurada polo Alcalde de Ourense e a Concelleira de Benestar Social.

4. O día 6, envíase unha fotografía da carpa e o impacto en prensa do Día Nacional do Doador á Federación Nacional ALCER, para ser incluído na vindeira revista trimestral.

5. O día 7, realízase visita os pacientes de diálise por parte da Traballadora Social

6. O día 10, realízase visita os pacientes de diálise por parte da Traballadora Social



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

7. O día 11, a Traballadora Social realiza historias sociais de novos pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.
8. O día 18, a Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece acode a Telemiño para realizar unha entrevista sobre o Proxecto Crece.
9. O día 19, realízase visita os pacientes de diálise por parte da Traballadora Social
10. O día 20, realízase visita os pacientes de diálise por parte da Traballadora Social
11. O día 21, recíbese unha chamada de ALCER Coruña solicitando información sobre a hora á que debe chegar unha rapaza usuaria que vai a participar no Proxecto Crece a Ourense.
-Envíase unha nota de prensa adiantando a Programación de Actividades do Proxecto Crece
12. O día 24, comeza o Proxecto Crece en Ourense. Os/as participantes acoden ás Termas de Outariz e realizan unha visita guiada pola cidade.
13. O día 25, os/as participantes do Proxecto Crece realizan unha visita á cidade de Santiago de Compostela. Acódese ó Parlamento de Galicia, onde se fai entrega dunha placa conmemorativa ó Presidente da Xunta de Galicia. Visítase o Casco Vello da cidade e realízase o xantar nas instalacións da Cafetería da Facultade de Medicina.
14. O día 26, os/as participantes do Proxecto Crece realizan unha visita a Allariz. Acoden ó Museo do Xoguete, ó Festival Internacional de Xardíns e o Ecoespazo O Rexo.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

15. O día 27, os/as participantes do Proxecto Crece realizan unha visita a Ribeira Sacra. O xantar realizase no patio do Castelo de Castro Caldelas. Realízase o percorrido en Catamarán polos Canóns do Sil.

16. O día 28, os/as participantes do Proxecto Crece participan na Xornada Celta organizada polos Laboratorios Abbvie nas instalacións do Centro Residencial Docente de Ourense (antiga Universidade Laboral)

17. O día 29, os/as participantes do Proxecto Crece acoden o Recinto Deportivo de Monterrei, onde ten lugar unha Actividade Asistida con Cans (Obradoiro de adestramento canino) desenvolto en colaboración co Gabinete Psicopedagóxico Con.Tacto, utilizando os seus cans de Terapia. Posteriormente, os/as participantes disfrutan das piscinas de ditas instalacións. Pola noite realízase unha cea de despedida.

18. O día 30, os/as participantes do Proxecto Crece emprenden a viaxe de regreso os seus fogares.

XULLO

1. O día 1, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

2. O día 2, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

3. O día 3, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- Recíbense varios orzamentos de empresas de autobuses e de menús de restaurantes para a excursión prevista para setembro ó Grove.

4. O día 4, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- Entrégase por vía telemática a solicitude das axudas a entidades da Deputación Provincial.

5. O día 5, recíbese un correo electrónico informándonos dos centros de diálise de Diaverum para as vacacións.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- A Traballadora Social realiza chamadas as empresas de autobuses para a excursión que tense previsto celebrar en setembro.

6. O día 8, a Traballadora Social realiza chamadas a restaurantes da zona do Grove para a excursión.

- Recíbense varios orzamentos con menús.

- Recíbese unha circular de Discafis Cogami informando de varias convocatorias de axudas (AXA de todo corazón, Electrolux e Mutua Madrileña)

7. O día 9, recíbese unha invitación o acto de entrega dunha unidade móbil de emerxencia social a Cruz Vermella de Ourense.

- Recíbese un correo do Parlamento de Galicia achegando unhas fotos da visita dos nenos/as durante o Proxecto Crece.

- A Traballadora Social comeza a tramitar a axuda da convocatoria de Electrolux para entidades sociais.

8. O día 10, a Traballadora Social envía a Cogami un xustificante da solicitude da subvención dos plans de cooperación deste ano.

- A Traballadora Social comeza a tramitar a axuda da convocatoria de AXA de todo corazón.

9. O día 11, a Traballadora Social segue tramitando as axudas de AXA.

- Recíbense varios orzamentos de menús para a excursión ó Grove.

10. O día 12, recíbese un correo electrónico informando sobre un Proxecto Non de Lei sobre diálise peritoneal aprobada en Aragón.

- A Xunta Directiva de ALCER decide que empresa de transportes e restaurante se contratarán para a realización da excursión ó Grove.

11. O día 15, a Traballadora Social continúa tramitando as axudas de AXA e Electrolux.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

-Recíbese unha chamada dunha Traballadora Social da Cruz Vermella de Ourense, para comentar unha posibilidade de colaboración entre entidades no seu programa de persoas maiores.

12. O día 16, a Traballadora Social ponse en contacto con AXA para resolver algunhas dúbidas sobre a convocatoria.

13. O día 17, a Traballadora Social continúa tramitando as axudas para Electrolux.

- Recíbese un correo electrónico de Cogami no que se informa dun curso de vela adaptada que se desenvolverá o vindeiro 11 de agosto no Real Clube Náutico de Sanxenxo.

14. O día 18, a Traballadora Social realiza un resumo das actividades do último trimestre e dúas fotos do Proxecto Crece, para enviar á Federación Nacional ALCER e que as publiquen no vindeiro boletín.

- A Federación Nacional ALCER envía os novos Estatutos aprobados na última Asamblea Extraordinaria e presentados no Registro Nacional de Asociaciones.

15. O día 19, recíbese o programa da excursión ó Grove, cós horarios previstos de realización das actividades. Realízase unha carta provisional para enviar ós socios/as.

16. O día 22, a Traballadora Social remata a solicitude de axudas a Electrolux.

17. O día 23, a Traballadora Social remata a solicitude de axudas de AXA (AXA de Todo Corazón)

18. O día 24, recíbese unha chamada dun paciente que desexa dializarse en Ourense durante as súas vacacións (posiblemente en setembro). A Traballadora Social realiza unha chamada ó secretario de Nefroloxía para avisarlle desta posibilidade.

19. O día 29, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

20. O día 30, Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.

- **Xuntanza Federación Alcer Galicia.** Ten lugar na Concellería de Sanidade en Santiago de Compostela unha reunión da Federación Galega de ALCER. Unírase o longo da tarde, Mercedes Carreras, subdirectora xeral de desenvolvemento e seguridade social do Sergas, promotora de esta xuntanza. Acude o Presidente de ALCER Ourense e varios membros da Xunta Directiva.

21. O día 31, a Traballadora Social envía por correo electrónico a solicitude de axudas de Electrolux 2013 e tamén a solicitude da convocatoria AXA de Todo Corazón 2013.

22. O día 31, ás 11:30 horas no Salón de Actos do Edificio de Axiña terá lugar unha **Reunión Ordinaria da Xunta Directiva** na que o orden do día será o seguinte: lectura e aprobación da acta da reunión anterior, informe de actividades, estado das contas, informe Proxecto Crece, subvencións e donacións, baixas e altas da Xunta Directiva e rogos e preguntas. Nesta prodúcese a todos os efectos a dimisión de David Gulias Rivas, ata o de agora, Presidente de Alcer Ourense.

AGOSTO

Sede da Asociación Alcer-Ourense e demais entidades pechadas. Vacacións.

SETEMBRO

1. Os días 2 e 3 realízanse visitas aos pacientes de diálise por parte de Traballadora Social.

2. Desde o día 3 no que se celebra unha Asamblea de Xunta Directiva hasta o día 7 de Novembro a Xunta Directiva en funcións de Alcer Ourense é a seguinte:

María Teresa Pereira González, Presidenta de Alcer Ourense

Carlos Caamaño del Castillo, Vicepresidente de Alcer Ourense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

Leopoldina Losada Rey, Secretaria de Alcer Ourense

Eloy Gómez Iglesias, Tesorero de Alcer Ourense

Antonio Vázquez Prada, 1º vocal de Alcer Ourense

Luz Rodríguez Pombo, 2º vocal de Alcer Ourense

Pilar Suárez Aller, 3º vocal de Alcer Ourense

3. O día 4 a Traballadora Social realiza historias sociais de novos pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.

4. O día 5 realízanse visitas aos pacientes de diálise por parte da Traballadora Social.

5. O día 6 finaliza o contrato da Traballadora Social contratada polo plan de cooperación da Xunta de Galicia.

6. O día 22 , celébrase a **Asamblea Xeral Extraordinaria de Alcer Pontevedra**, dita asociación retoma a súa actividade, xa que foi creada a finais do ano 1980 e cesou a súa actividade a finais do ano 1995. Nesta reunión apróbanse os Estatutos e levase a cabo unha elección da Xunta Directiva. Con esta nova incorporación Alcer conta con 51 asociacións federadas. A esto acoden a presidenta en funcións ,María Teresa Pereira e o vicepresidente en funcións de Alcer Ourense, Carlos Caamaño.

OUTUBRO

1. O día 20, terá lugar no Hostal Reis Católicos de Santiago de Compostela (Sala Premium) de 12:00 a 13:00 horas o acto de **Presentación da Federación Alcer Galicia** (Federacións de Asociacións para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Galicia). Acoden a Presidenta en funcións, María Teresa Pereira e a terceira vocal en funcións, Pilar Suárez.

2. O día 23, recollese información e modelos sobre a presentación da sinatura do Convenio co Concello de Ourense.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

3. O día 24, comeza o contrato dunha traballadora social, Vanesa.

Prepárase toda a documentación necesaria para poder levar a cabo a sinatura do **Convenio de colaboración entre o Concello** e a asociación. A documentación é a seguinte:

- Instancia solicitando a sinatura do convenio de colaboración.
- Estatutos da asociación.
- Certificado da Xunta Directiva.
- C.I.F.
- Declaración responsable.
- Ingresos e Gastos.
- Certificado de estar o día coas obrigas tributarias e da seguridade social.
- Proxecto ano 2013.

4. O día 25, recibimos un correo de Discafis (Montse) informándonos de que o Consello de Ministros aprobará o **PIVE 4** (Programa de Incentivos do Vehículo Eficiente). Todas aquelas persoas con discapacidade que precisen adaptar o seu vehículo recibirán unha axuda de 3.000€.

5. Os días 26 e 27 no Salón de Actos do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade (Paseo do Prado 18, 20 Madrid) celébranse as **XXVI Xornadas Nacionais de Enfermos Renais**. O sábado, falarase das novidades no tratamento renal substitutivo e terá lugar o debate sobre a atención socio-sanitaria do paciente crónico. O domingo os temas a tratar serán: transplante renal de doante vivo, calidade de vida do paciente renal e a conferencia de clausura “ Plan Preventivo sobre a enfermidade renal crónica”. A esta celebración acode o vicepresidente en funcións, Carlos Caamaño e voluntarios de Alcer Ourense.

- O Vicepresidente e unha voluntaria/socia de Alcer recollen un **Premio entregado á entidade polo Proxecto Crece** levado a cabo no ano 2012.

6. O día 28, comeza o contrato dunha traballadora social, Carmen.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Varios membros da Xunta Directiva reúnen-se para falar con Jose, Xefe da cociña de Aixiña para concretar o menú do día 23 de Novembro, no que Alcer Ourense celebrará o Magosto, xuntanza de socios e familiares.

7. O día 29, **elaboración de cartas ós socios coa información da Cena do Magosto 2013**, que se celebrará o 23 de novembro no CIS Aixiña e á que acudirán os socios da entidade así como os seus familiares e amigos. Estará amenizada polos acordeóns da Escola de Música Bieito Blanco e sortearanse regalos e cestas. Nesta correspondencia indícase o menú que é o seguinte:

MENU: Adultos

- ◆ 1º- Empanada de carne e congrio. queso.
 - ◆ 2º- Entremeses Ibericos, xamón, queixo e croquetas
 - ◆ 3º- Salpicón de marisco patacas fritas.
 - ◆ 4º- A Elexir entre: Ternera asada con patatas “ou” Lenguado a prancha con patacas ó forno.
- POSTRE: Tarta e castañas asadas.
Viños: Branco Ribeiro e Tinto Mencía.
augas, refrescos, copa de cava, cafés e licores

MENU: Nenos ata 12 anos

- ◆ 1º- Pizza de jamón y
- ◆ 2º- Taquiños de tortilla e
- ◆ 3º- Peituga de Polo con

Postre: Tarta, castañas asadas,
augas e refrescos

- Ademais aproveítase a ocasión para ofrecerlles ós socios a lotería de Nadal 2013, que este ano será o nº 56647.

8. O día 30, termina o prazo de presentación de novas candidaturas ás 13:00 horas.

Ademais, falamos con Carmen de Aixiña para reservar a Sala para o día 7 de Novembro. Avísanos de que está ocupada para ese mesmo día. Acudimos a Cogami que onde terá lugar a Asamblea de Alcer Ourense.

- Os días 30 e 31 de outubro, as traballadoras sociais, ademais das tarefas administrativas diarias a realizar, reorganizan a sede para unha mellor funcionalidade da mesma.

NOVEMBRO

1. O día 4, as traballadoras sociais da entidades envían a Federación Galega de Alcer a programación de actividades do mes de Novembro.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- A prensa publica unha noticia sobre unha posible modificación do servizo de transporte adaptado da Xunta, 065; ademais tanto COGAMI como Discafis-Cogami, remiten un correo solicitando unha relación do uso que fan os socios da entidade do devandito servizo.

- Iraga (Unidade de reprodución asistida A Rosaleda), envíanos un correo sobre unha conferencia “Un acercamento á reprodución asistida. Solucións, técnicas e a súa situación en Galicia”. Este acto terá lugar o mércores 13 de novembro ás 20h15 no salón de actos do Centro Cultural “Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense”, na rúa do Progreso.

- Entrégase a documentación referente á xustificación do Plan Coopera do ano 2012.

2. O día 5, as traballadoras sociais da entidades envían a Federación Nacional de Alcer (Ana Belén Martín) o resumo das actividades levadas a cabo na entidade nos meses de setembro e outubro.

-O Consello Asesor de Pacientes envíanos unha invitación asinada por Mercedes Carreras, subdirectora xeral de atención ó cidadán e calidade, sobre unha reunión que terá lugar o día 13 de novembro ás 10h na Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela.

3. O día 6, as traballadoras sociais póñense en contacto con Alcer Coruña para ampliar a información sobre o Proxecto Salvavidas.

- Entrégase no Concello de Ourense a documentación para a sinatura do Convenio de Colaboración 2013. A documentación é a seguinte:

- Estatutos da asociación (modificación da Xunta Directiva).

- Certificado da Xunta Directiva.

- Certificado de estar o día coas obrigas tributarias e da seguridade social.

- Presuposto de ingresos e gastos

- Un novo socio acude á sede para formalizar a súa inscrición como membro numerario, ademais está interesado en participar nas actividades organizadas ó longo do ano.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Remítese carta de benvida ó novo socio.

4. O día 7, as traballadoras sociais póñense en contacto con algúns centros educativos e institutos da cidade. Concértanse citas con representantes da organización das actividades complementarias en cada centro para proporcionarlles información sobre a doazón de órganos, o proxecto Salvavidas e a labor da nosa entidade.

- Ás 16h30, ten lugar na aula teórica de COGAMI a Asamblea Xeral de Alcer Ourense, na que se celebran eleccións á Xunta Directiva. Durante o transcurso desta preséntase unha candidatura, saíndo elexidos os membros da mesma, e quedando esta constituída da seguinte maneira:

María Teresa Pereira González, Presidenta de Alcer Ourense

Carlos Caamaño del Castillo, Vicepresidente de Alcer Ourense

José Luís Cambeses Represas, Secretario de Alcer Ourense

Eloy Gómez Iglesias, Tesorero de Alcer Ourense

Antonio Vázquez Prada, 1º vocal de Alcer Ourense

Leopoldina Losada Rey, 2º vocal de Alcer Ourense

Pilar Suárez Aller, 3º vocal de Alcer Ourense

Luz Rodríguez Pombo, 4º vocal de Alcer Ourense

Manuel Vázquez Fernández, 5º vocal de Alcer Ourense

Ángela Rodríguez Sánchez, 6º vocal de Alcer Ourense

Mari Luz Grande Blanco, 7º vocal de Alcer Ourense

- Fanse 4 tarxetas de doantes

5. O día 8, as traballadoras sociais revisan as bases das subvencións da Fundación MAPFRE e de ABC Solidario.

- Contáctase con máis colexios no relativo ó proxecto Salvavidas.

- Loly de Expourense envíanos un correo pedindo a nosa colaboración e asistencia no Día Mundial da Calidade, do 14 de novembro de 11h a 13h. Comunicaráselle á Xunta Directiva e voluntarios da entidade para confirmar a asistencia ó mesmo.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

6. O día 12, dende Expourense se nos informa vía correo electrónico dun acto de calidade que terá lugar o 14 de novembro de 11h a 13h. Comunícaselle ós membros da Xunta Directiva.

- Prepárase a documentación para a Consellería de Traballo e Benestar que a requeriu.
- Recíbese unha noticia de prensa titulada “Los transplantes no se discuten” de importancia para a entidade, xa que existe unha necesidade de reordenar as unidades de transplante operativas en España. O Complexo Hospitalario da Coruña ocupa unha posición preminente.
- O Concello de Ourense informa que se está a organizar un curso para responsables de voluntariado.

7. O día 13, Alcer Ourense comunica o cambio de Xunta Directiva ás entidades pertinentes.

- As traballadoras sociais atenden na sede da entidade a consulta dun familiar dunha persoa que se atopa en tratamento de diálise e podería recibir un transplante dun doante vivo.
- Prepárase a documentación a levar ós centros educativos para a realización do Proxecto Salvavidas: Dossier que contén información sobre a metodoloxía do proxecto e os recursos necesarios para levalo a cabo, solicitudes de tarxetas de doante e libro de preguntas frecuentes, folletos sobre a entidade Alcer Ourense, unha banda deseñada, información relativa á campaña “Escucha tus riñones”, libro “Donar es recibir” y un cartel do Proxecto.
- Tere de Auria contacta con nós para ofrecernos colocar folletos de solicitude de tarxeta de doante na carpa que colocarán con ocasión do Día Mundial da diabetes, o día 14 de novembro.
- Recibimos un correo electrónico da Vicepresidenta de Alcer Albacete que nos comunica que acaba de editar un libro con anécdotas en chave de humor que lle ocorreron nos últimos anos e que contactará coa nosa entidade nos próximos días.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

8. O día 14, as traballadoras sociais de Alcer Ourense van presentar o Proxecto Salvavidas a diferentes colexios, aportando toda a documentación necesaria para levalo a cabo. Os centros educativos que se visitaron foron os seguintes:

- **CEIP Curros Enríquez**, fálase con Lourdes.
- **CPR Divina Pastora (Franciscanas)**, a persoa de contacto é José Luís, o director do Centro.
- **IES As Lagoas**, fálase con Mónica, a Vicedirectora.
- **CPR M^a Auxiliadora (Salesianos)**, atende Berta, a psicóloga.

- Ademais recíbese un correo no que se nos informa que unha froita, chamada Carambola ou saltfruit, que está comezando a ser moi consumida pode ser mortal para as persoas en diálise.

9. O día 15, as traballadoras sociais seguen coas visitas a centros, nesta ocasión vísitanse:

- **CPR Luís Vives** no que se reúnen con Rosa, a orientadora.
- **IES Xesús Ferro Couselo**, atende Pilar a Vicedirectora.
- **IES Universidade Laboral**, a persoa de contacto é o orientador do Centro.

10. O día 18, as traballadoras sociais seguen coas visitas a centros, nesta ocasión vísitanse:

- **Santo Ángel**, falamos con M^a Luísa a Directora.
- **IES O Couto**, atende o Director.
- **Padre Feijoo**, a persoa de contacto é Ángela.
- **CEIP O Couto**, atende Piedad, Xefa de Estudos.

- Mery Lamelas, Coordinadora de Feiras e Eventos de Expourense fainos chegar un correo no que nos informa de que ALCER Ourense conta cun stand na feira. Os días 21, 22, 23, 24 terá lugar en Expourense a 13^a edición do “**SALÓN DO MOBLE, FOGAR, DECORACIÓN E ANTIGÜEDADES**” “**MI CASA**”. As traballadoras sociais organizan os distintos turnos para poder asistir á feira na que se proporcionará



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

información da nosa entidade. A ela acoden membros da Xunta Directiva de Alcer Ourense , socios e voluntarios da asociación.

- Dende a Consellería de Traballo e Benestar adiántanos por correo electrónico a resolución do **Plan Coopera 2013** coa finalidade que a entidade poida comezar a realizar os trámites. A data límite para realizar as contratacións é o 13 de decembro.

11. O día 19, as traballadoras sociais seguen coas visitas a centros, nesta ocasión vísitanse:

- **CPR Concepción Arenal**, atende M^a José, orientadora do centro.

- **Carmelitas**, a persoa de contacto é o Administrador, Ángel.

- **As Mercedes**, falamos ca titora de 6º , Lucía.

- Ademais recibimos unha chamada da OCT (Organización e Coordinación de Transplantes). Falamos con Marta, infórmanos sobre un curso que terá lugar en Ourense nos vindeiros días. Comunícaselle ós distintos membros da Xunta Directiva.

- Falamos con Jose de Aixiña (cociña) para concretar o menú sobre a cea do Magosto e confirmar o número de persoas que asistirán a esta convivencia de socios e familiares.

- Laura Quintas Lorenzo, Presidenta de Discafis- Cogami envía un correo á entidade felicitándoa pola creación da Federación Galega, xa que o considera como un bo paso para este colectivo. Ademais ofrece a posibilidade de reunirse con ela para falar de diversas cuestións da entidade.

12. O día 20, as 10:00 h as traballadoras sociais reciben na sede da entidade a unha alumna en prácticas de AIXIÑA que quere coñecer a nosa actividade.

- Recibimos unha invitación de D. José Manuel Freire Couto, presidente de ADERCOU para asistir ó acto de clausura do Programa LEADER GALICIA 2007-2013 que terá lugar o Xoves 28 de Novembro ás 19:30h no Salón de Actos do Centro Empresarial Transfronteirizo de Barbadás.

- O Delegado do Goberno en Galicia, Samuel Juárez Casado, e no seu nome o Subdelegado do Goberno en Ourense, Roberto Castro García, invitan á Presidenta de



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Alcer Ourense ó Acto público de conmemoración do XXV Aniversario da Constitución Española que terá lugar o 6 de decembro de 2013 ás 12h no Auditorio Municipal.

Durante a celebración do Acto farase entrega de diplomas e premios aos gañadores da XXX edición do concurso sobre a Carta Magna, convocado pola subdelegación, este ano baixo o lema: “Ti e a Constitución: coñéceas e respéctaa”.

13. O día 21, varios membros da Xunta Directiva asisten á inauguración de MI CASA.

- Acode á nosa asociación un membro de Cogami (Mónica), solicitando ás traballadoras sociais que se encarguen dunha xestión relativa a un paciente de diálise que ten mobilidade reducida precisando dunha cadeira eléctrica para os seus desprazamentos. O Sergas ponlle a disposición unha ambulancia que non conta coa adaptación necesaria para a súa situación; elo conleva que teña que usar unha cadeira manual coa que non se manexa por unha discapacidade física. Presenta dificultade sobre todo para moverse polo Complexo Hospitalario. Polo tanto, vese na obriga de contactar cun servizo de taxis mermando desta maneira a súa situación económica. Dispón só dunha PNC con axuda de terceira persoa.

As traballadoras sociais xestionan esta cuestión con distintos profesionais.

14. O día 22, as traballadoras sociais seguen cas visitas os centros, neste caso visítanse:

- **Julio Prieto Nespereira**, atende Carlos (Director).
- **IES 12 Outubro**, falamos con Ramón (Xefe de actividades complementarias).
- **CEIP A Ponte**, a persoa de contacto é M^a Carmen (Xefa de Estudos).

-Varios membros da Xunta Directiva (Presidenta, Vicepresidente, 5º vocal) reúnen con Laura Quintas, Presidenta de Discafis- Cogami para tratar diversas cuestións da entidade, así como a presentación dos compoñentes da nova Xunta Directiva.

15. O día 23, ten lugar ás 21h30 no CIS Aixiña a Cea Anual de Magosto á que asisten un total de 45 persoas, entre socios e colaboradores. Este evento é amenizado por un grupo de acordeóns da Escola Bieito Blanco e por un humorista, que acoden altruistamente. Durante a velada sortéanse varios regalos entre os asistentes:



**Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE**

Cesta nº 1: - Caixa Surtidos - Polvorón tradicional - Pasta de Tivoli - Turrón de chocolate - Turrón duro - Licor de castaña - Panettone chocolate - Bombóns Ferrero - Nevaditos - Crema de orujo - Dátiles - 2 caixas Bonito del Norte - Piña natural - Espárragos - Paté - Pemento Morrón - Viño Rioja - Fino La Broa de Jerez - Cava - Xamón	Cesta nº2: - Especialidades de Amendoa - Rioja Antaño - Vino Matteu - Turrón duro - Turrón chocolate - Pastas Royal - Bombóns Ferrero - Espárragos - Paté de bonito - Lata de piña - Paletilla - Cava - Follados de chocolate
Cesta nº 3: - Panettone - Turrón chocolate - Turrón duro - Pastas te - Polvorón tradicional - Choco rolls - Lata pexego - Viño Bisotti espumoso - Pementos Piquillo - Viño Casal Mendes - Licor de mel - Lata piña	Lote nº 4: - 2 Turrón chocolate - Turrón duro - Pastas - Bote pexego
Lotes nº 5 a 7: Surtidos de viños, cavas e licores	Lote nº 8: unha maleta

Todos estes regalos foron preparados con produtos aportados por Alcer Ourense e varias empresas colaboradoras: Xamóns Javier Martínez, Asine Xestión, Anpian, Cafetería Mississippi e Farmacia Moure.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Por outra banda, ofréceselles unha placa en agradecemento pola colaboración ós músicos e ó humorista.

16. O día 25, recibimos un correo de Discafis-Cogami (Laura Quintas), informándonos sobre o **PROGRAMA ENCONTRO AUTONÓMICO. Descubre a nosa realidade**. Este acto terá lugar en Santiago de Compostela o día 29 de Novembro as 10:15 horas. Comunicáselle a todos os membros da Xunta Directiva.

- Discafis- Cogami envía información de interese para todas aquelas asociacións que lle fora concedida a subvención do Plan Coopera. Neste caso, os requisitos imprescindibles para levar a cabo a oferta de emprego da maneira máis axeitada.
- Destacar unha noticia de prensa: “Eliminación de barreiras entre discapacitados e o mundo dixital”. O obxectivo é intentar evitar que as persoas con discapacidade física ou psíquica se convertan en excluídos dixitais por non poder empregar as TICS.
- As traballadoras sociais reúnen co paciente de diálise, sobre o que lles consultaran o día 21 dende COGAMI, para ampliar a información que nos deran da consulta sobre transporte adaptado para acudir a ese servizo.

17. O día 26, as traballadoras sociais seguen cas visitas os centros, neste caso visítanse:

- **Maristas (CPR Santa María)**, falamos co Director.
- **Otero Pedrayo**, atende a Vicedirectora, Margarita.
- **IES Blanco Amor**, a persoa de contacto é a Vicedirectora.
- Entrega documentación que faltaba relativa o Convenio co Concello de Ourense. A persoa responsable (Conchi), dixonos que posiblemente a xustificación deba realizarse antes do 15 de Decembro e asinarase o Convenio antes desta data.
- Presentación da oferta de emprego relativa a contratación do Plan Coopera, concedida nos días anteriores, mediante a achega da resolución por correo electrónico. Contratarase un técnico, diplomado en Traballo Social.

18. O día 27, realízase o proceso selectivo para a contratación dun traballador social.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

19. O día 28, ten lugar o **acto de clausura do Plan Leader 2007-2013 organizado por ADERCOU**.

- Enviamos a Federación Nacional o logo da nosa entidade en alta resolución.
- Remítense as cartas de agradecemento polos donativos ás empresas que colaboraron mediante a doazón de produtos para a celebración do Magosto. As empresas colaboradoras foron: Anpian, Farmacia Noguerol Moure, Asine Xestión e Xamóns Martinez.

20. O día 29, varios membros da Xunta Directiva seguen co proceso selectivo do devandito técnico.

- Recibimos un correo de ANDADE(Asociación Nacional de Amputados de España), informándonos sobre o acto que terá lugar o día 30 de Novembro en Vilaboa- Lousame ás 13 horas. O tema a tratar é o novo Catálogo de Prestacións Ortoprotésicas.
- Envíanos un correo sobre o **Manifesto do Día Mundial contra a SIDA** (Día 1 de Decembro).

DECEMBRO

1. O día 2, as traballadoras sociais reciben un correo de Discafis- Cogami sobre a organización dun concurso fotográfico coa ocasión do **Día Internacional da discapacidade** que se celebra o día 3 de Decembro.

- A Presidenta da asociación, Teresa Pereira e o Secretario, Jose Luis Cambeses, asisten o acto de Laura Seara, Deputada do Congreso polo PSDG, que terá lugar no hotel NH, na que presentará as actuacións levadas a cabo en favor do colectivo de persoas con discapacidade.
- As traballadoras sociais preparan a documentación xustificativa da contratación dun traballador social.
- Prepárase documentación para a inscrición da nova Xunta Directiva na Consellería de Presidencia.
- Fannos chegar dende **AMTEGA** (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) unha convocatoria á Xornada **“Novos perfís profesionais na era dixital”** que



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

terá lugar o día 5 de decembro de 2013, na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

2. O día 3, as traballadoras sociais da entidade revisan as bases da convocatoria dos premios ABC Solidario e comezan a preparar o proxecto e documentación necesaria para optar a elo.

- Recíbese por correo electrónico unha invitación ó Acto de celebración do **Día Internacional do Voluntariado** que terá lugar o mércores 4 de decembro de 2013, ás 17h en Santiago de Compostela.

- Convócase ós membros da Xunta Directiva a unha reunión que terá lugar o día 10 de decembro de 2013, no Centro Integral de Servizos ás 15h30.

3. O día 4, realízase unha chamada ó servizo de nefroloxía para continuar coa xestión da consulta plantexada polo paciente de diálise do que xa se falou anteriormente.

- Entrégase no rexistro xeral da Xunta de Galicia a documentación relativa ó cambio de Xunta Directiva na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- A Presidenta e o Secretario de Alcer Ourense reúnen co Vicepresidente da Deputación de Ourense para aclarar dúbidas sobre a subvención concedida por este organismo á entidade.

4. O día 5, as traballadoras sociais organizan a Feira “**Megaxove, salón da xuventude**”. Terá lugar os vindeiros días 5 a 8 de decembro de 2013. Á inauguración, o día 5 ás 12h, asisten 2 vocais da entidade: Ángela Rodríguez Sánchez e Manuel Vázquez Fernández.

- As traballadoras sociais falan cunha das traballadoras sociais do Complexo Hospitalario (CHUOU) para continuar coa valoración da consulta da persoa que acode a diálise en taxi sen utilizar o transporte de ambulancias.

- Un socio solicita información na oficina ás traballadoras sociais sobre a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Díselles que só é para persoas que teñen mobilidade reducida, e que debe constar tal circunstancia no certificado de minusvalía. Ese non é o caso desta persoa.

- Chega un correo electrónico de Voluntariado sobre a campaña “Xuntos no Nadal”.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

5. O día 6, o Vicepresidente Carlos Caamaño del Castillo, o Secretario José Luís Cambeses Represas e a Vocal Ángela Rodríguez Sánchez acoden ó Auditorio ó Acto público de conmemoración do XXV Aniversario da Constitución Española que tivo lugar ás 12h no Auditorio Municipal.

6. O día 9, as traballadoras sociais preparan a documentación e o proxecto do X Aniversario do Premio ABC Solidario: “10 años construyendo juntos un mundo mejor”. A candidatura presentada é como entidade solidaria. A cuantía do Premio é de 20.000 €.

- En relación á resolución de 14/11/2013 das subvencións para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen ánimo de lucro, a asociación contratou a un traballador desempregado para a realización do servizo “Atención e apoio social a persoas con insuficiencia renal crónica (IRC) e aos seus familiares”. A persoa contratada realizará un labor por un período de 9 meses a xornada completa, sendo a data límite de incorporación o día 13 de decembro. Toda a documentación relativa para a xustificación desta subvención deberá facerse efectiva antes do 20/12/2013.

- Dende COGAMI enviánnos unha documentación de interese para a nosa entidade xa que afecta ó colectivo maioritario na nosa asociación. Publicouse no BOE o día 3 de decembro o Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

7. O día 10, revísase o botiquín de primeiros auxilios co fin de comprobar caducidades e repoñer o material necesario.

- A Xunta Directiva reúne para comentar as últimas novidades da entidade.

- As traballadoras sociais falan coa inspectora do Sergas para continuar coa consulta plantexada en días anteriores, dun paciente que se despraza para facer diálise.

8. O día 11, faise entrega en Rexistro da Xunta de Galicia, da documentación referente á xustificación da contratación dun traballador social polo Plan de Cooperación mencionado no día 9.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

- Recíbese unha invitación da Cooperativa “Cestola na Cachola” para asistir á presentación da mesma no local de Vento do Sul, en Ourense, que terá lugar o venres 13 de decembro ás 20h.
- As traballadoras sociais elaboran o proxecto que se presentará na X Edición do Premio ABC Solidario.

9. O día 12, as traballadoras sociais presentan vía telemática a documentación para participar no Premio ABC Solidario cuxo importe é de 20.000 €.

- Ademais chaman do Concello de Ourense, para informarnos que a sinatura do Convenio será o venres 13 e que o prazo de xustificación rematará o día 20 deste mes. Prepárase toda a documentación necesaria para a xustificación.
- Recíbese unha información da Federación Nacional ALCER co **II Concurso de Recetas Navideñas**. O prazo remata o día 7 de xaneiro de 2014. Publícase no Facebook.

10. O día 13, a Presidenta da asociación, María Teresa Pereira González, asiste as 9:00 horas a firma do convenio co Departamento de Benestar Social do Concello de Ourense.

- As 20:30 a vocal, Pilar Suárez Aller, e o secretario, José Luis Cambeses Represas, acuden a presentación da cooperativa “Cestola na Cachola”.
- As traballadoras sociais actualizan o listado de socios.

11. O día 16, as traballadoras sociais organizan unha reunión co Xefe de Servizo de Nefroloxía, o Doutor Otero e cos coordinadores Doutores Trillo e Cortés a que acudirán a presidenta, o vicepresidente e un vocal de Alcer para presentar a nova Xunta Directiva e comentar a posibilidade de visitar os pacientes da FRIAT (Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo).

- Envíase por correo electrónico a postal de felicitación de Nadal de Alcer a socios, colaboradores e amigos.
- Chéganos a información do programa de Termalismo Social do IMSERSO. Poden solicitar prazas persoas maiores de 60 anos e sen enfermidade infecto-contaxiosa. O



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de OURENSE

prazo rematará o día 16 de xaneiro de 2014 e poden solicitarse a través dos servizos sociais do Concello. Publícase no Facebook da asociación.

12. O día 17, entrégase no Concello a documentación requirida para a xustificación do Convenio de colaboración.

- Repúxose o material do botiquín de primeiros auxilios.
- As traballadoras sociais citan ó usuario que demandaba transporte adaptado para acudir a diálise e transmítenlle o resultado das súas tramitacións e xestións.

13. O día 18, a Presidenta, M^a Teresa Pereira, o Vicepresidente, Carlos Caamaño e o vocal Manuel Vázquez, reúnen-se co Xefe de Servizo de Nefroloxía, o Doutor Otero e cos coordinadores Doutores Trillo e Cortés, co fin de presentar a nova Xunta Directiva e informar da reanudación das visitas a pacientes no Complexo Hospitalario. Tratouse asemade a posibilidade de realizar atención social na FRIAT.

- Faise seguimento telefónico dos pacientes de diálise peritoneal.
- Vaise á Consellería de Presidencia para entregar documentación requirida con respecto á modificación de Xunta Directiva.

14. O día 19, as traballadoras sociais continúan co seguimento telefónico dos pacientes de diálise peritoneal e preparan a documentación para reiniciar as visitas a pacientes en hemodiálise.

15. O día 20, a filla dunha persoa con insuficiencia renal crónica acode a Alcer para formalizar a documentación para que a súa nai sexa socia da entidade.

16. O día 26, fanse chamadas de seguimento a pacientes en tratamento de diálise peritoneal.

- Tamén se concerta unha cita co psicólogo da FRIAT para o luns 30 de decembro de 2013.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

17. O día 27, recíbese unha chamada do Concello de Ourense informando da dispoñibilidade do Convenio asinado en días anteriores. Vaise recoller.

18. O día 30, a Presidenta, Secretario e o vocal, Manuel Vázquez, reúnen co Psicólogo da FRIAT.

3. ATENCIÓN SOCIAL

Este será realizado por un/unha diplomado/a en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente. Dirixidas non só os enfermos renais senón tamén o resto dos cidadáns da provincia de Ourense, para transmitir información sobre a prevención de ditas enfermidades, así como a concienciación sobre a doazón de órganos.

A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de todas as actividades previstas pola asociación e deste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación. Esta actividade levarase a cabo ao longo de todo o ano 2013 e sen a cal non podíamos realizar outras actividades como son:

1º Funcións terapéuticas/ asistenciais.

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, movendo os obstáculos para o normal funcionamento.

2º Educativas:

Charlas informativas en colexios, institutos, asociacións de veciños, concellos (de toda a provincia de Ourense).

Charla Universidad de Vigo en Ourense.

3º Sensibilización e Concienciación:

Celebración do Día Mundial do Ril (segundo xoves de marzo).

Celebración do Día do Doador (primeiro mércores de xuño).



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Participación na actividade “Un Paseo pola Saúde” organizada polo concello de Ourense.

Participación nas feiras de Expourense, grazas a un convenio de colaboración firmado entre Expourense e a Asociación.

Celebrando o mes da Doazón Universitario/a.(Campus Universitario de Ourense).

Participando na Casa Solidaria (na Casa da Xuventude).

